

# plan pastoral 2020-2021

OBXECTIVO  
XERAL  
CUATRIENAL  
2019-23

*Renovar, por medio  
de accións concretas,  
os ámbitos significativos  
da pastoral diocesana:  
Palabra, Liturxia,  
Caridade e Comunión.*

O pasado curso, o Consello Diocesano de Pastoral propuxo un Plan Cuatrienal que ten como finalidade promover unha axeitada renovación pastoral nos distintos eidos nos que se desenvolve a vida da Igrexa, en liña coa exhortación *Evangelii gaudium* do Papa Francisco.

Propúñase tamén partir das accións, que debían ser:

- abertas, que non se esgotasen en si mesmas senón que se abrisen a outras posibilidades;
- colaborativas, que implicaran a diversos organismos, entidades e persoas;
- poucas, pero con efecto multiplicador.

As catro grandes mediacións eclesiais (Liturxia, Palabra, Caridade e Comunión) ofrecíanse como os ámbitos desde os que renovar a vida pastoral da Diocese.

Un ano despois, e coa crise do coronavirus de por medio, debemos dicir que as accións propostas comezaron a súa andaina pero non chegaron á meta. Cómpre, logo, continuar o iniciado e tamén ofrecer novas accións nesta liña de renovación pastoral que é, como subliña o Papa Francisco, renovación das persoas e das estruturas.

Este curso, e ao fío do gran acontecemento eclesial que foi o Congreso de Laicos, as accións teñen como denominador común a implicación do laicado nas distintas dimensións da vida diocesana.

OBXECTIVO  
ANUAL  
2020-21

*Promover unha  
maior participación  
e implicación laical  
na vida da  
Igrexa Diocesana.*

Contexto:

A participación e corresponsabilidade das persoas laicas na vida da Igrexa é unha cuestión que está no centro da reflexión teolóxica e da acción pastoral desde o Concilio Vaticano II.

A modo de exemplo destacamos a publicación dos seguintes documentos: o decreto conciliar *Apostolicam actuositatem*, sobre o apostolado dos laicos, no 1965; a exhortación apostólica post-sinodal *Christifideles laici*, sobre a vocación e misión dos laicos na igrexa e no mundo, de Xoán Paulo II no 1988; o documento da Conferencia Episcopal Española, *Los cristianos laicos, iglesia en el mundo*, no 1991.

O Sínodo Diocesano de Tui-Vigo dedicoulle ao tema do laicado unha ampla reflexión espallada ao longo dos catro documentos de traballo. Froito desa reflexión aprobáronse 6 constitucións sinodais sobre esta cuestión: 79, 80, 81, 84, 85, 96.

Máis recentemente o Papa Francisco, na *Evangelii gaudium*, sinalaba a participación e corresponsabilidade laical como un dos desafíos da Igrexa deste momento:

*Os laicos son simplemente a inmensa maioría do Pobo de Deus. Ao seu servizo está a minoría dos ministros ordenados. Creceu a conciencia da identidade e a misión do laico na Igrexa. Cóntase cun numeroso laicado, aínda que non suficiente, con arraigado sentido de comunidade e unha grande fidelidade no compromiso da caridade, a catequese, a celebración da fe. Pero a toma de conciencia desta responsabilidade laical que nace do Bautismo e da Confirmación non se manifesta do mesmo xeito en todas partes. Nalgúns casos porque non se formaron para asumir responsabilidades importantes, noutros por non atopar espazo nas súas Igrexas particulares para poder expresarse e actuar, a raíz dun excesivo clericalismo que os mantén á marxe das decisións.*

*Aínda que se percibe unha maior participación de moitos nos ministerios laicais, este compromiso non se reflicte na penetración dos valores cristiáns no mundo social, político e económico. Limitábase moitas veces ás tarefas intraeclesiais sen un compromiso real pola aplicación do Evanxeo á transformación da sociedade. A formación de laicos e a evanxelización dos grupos profesionais e intelectuais constitúen un desafío pastoral importante. (EG, 102)*

A Igrexa en España, á luz das suxestións da exhortación apostólica do Papa Francisco, celebrou en Madrid, entre o 14 e o 16 de febreiro de 2020, un Congreso de Laicos baixo o lema *Pobo de Deus en saída*.

Nese importante evento eclesial debuxáronse catro ámbitos polos que debe recorrer a pastoral nos vindeiros anos: o primeiro anuncio, o acompañamento, a formación e a presenza pública.

A Diocese de Tui-Vigo, que participou no Congreso cunha representación de 18 persoas, desexa que o Congreso sexa, para a nosa pastoral diocesana, un revulsivo que xere dinámicas transformadoras. Por iso, e en relación co plan cuatrienal iniciado o pasado curso, propoñemos como obxectivo anual:

***Promover unha maior participación e implicación laical na vida da Igrexa Diocesana.***

Este obxectivo concretarase en catro accións diocesanas. A primeira delas remata as accións non concluídas o pasado curso. As outras tres son, en liña co deseñado no plan cuatrienal, accións concretas, abertas e dinámicas; e que ademais serán representativas dos catro ámbitos nos que se desenvolveu o Congreso de Laicos.

## **Insistencias nalgunhas accións en marcha**

Ademais das catro accións que se desenvolverán ao longo do curso, desexamos insistir en dúas accións diocesanas que xa se están realizando pero que, neste momento, adquiren especial relevancia:

### **▣ *A Escola de Evanxelización***

Vén funcionando na nosa Diocese desde hai 6 anos organizada desde a Delegación de Pastoral Xuvenil. É, sen dúbida, unha oportunidade para formar axentes de pastoral capaces de ser testemuñas, de anunciar a Cristo no medio dunha sociedade secularizada. Por iso parece oportuno neste momento, e ao fío do tratado no Congreso, potenciar a Escola de Evanxelización.

## ▣ *Centro de Escoita*

No 2018 inaugurouse na Diocese o Centro de Escoita; un lugar compartido por Pastoral da Saúde e Pastoral Familiar para achegarse ás persoas e familias que sofren por distintas causas e acompañalas nos seus procesos de dó e discernimento á luz da fe. Queremos neste ano publicitar máis este Centro e o labor que nel se está a realizar.

## Delegacións e Movementos

A bo seguro que as Delegacións, os Movementos e as Asociacións que están presentes nesta Diocese promoven, dentro do seu campo pastoral, accións que entroncan con este plan de acción. Por iso, á hora de elaborar o seu programa pastoral tomarán como referencia:

### ▣ *As accións diocesanas:*

Se poden promover ou integrarse nalgunha delas, deberán facelo.

### ▣ *O obxectivo anual:*

Proporán ademais as súas propias accións tomando como referencia o obxectivo anual da Diocese.

## Condicionantes

Estamos condicionados, e sen dúbida seguiremos estándoo, polo coronavirus e a súa incidencia na nosa vida persoal e social; por iso as accións que se propoñen están a expensas da evolución da pandemia e, nalgúns casos, quedan abertas a ser realizadas de modo non presencial.

ACCIÓN  
1

## *Continuar coas accións do curso pasado*

### Ámbitos:

Formación e presenza pública.

### Contexto:

O andazo de coronavirus truncou moitos dos nosos plans persoais e tamén moitos dos eclesiais.

O pasado curso puxemos en marcha un proxecto pastoral centrado en tres accións:

- A creación de Grupos para compartir a fe e a vida.
- A posta en marcha dun curso para persoas dirixentes de ADAP.
- A campaña de sensibilización sobre as persoas migrantes.

O confinamento decretado a mediados de marzo impediu que estas accións, que xa estaban en marcha, se puidesen concluír.

Ademais estas accións teñen vocación de continuidade, non se esgotan en si mesmas, senón que estaban pensadas como xeradoras de novas realidades:

- ▣ *Os Grupos parroquiais onde comunicar a vida e compartir a fe*

Na nosa Diocese, a gran maioría do laicado está integrado na vida parroquial. Estes Grupos son un intento de promover un espazo aberto ao diálogo, á convivencia e á comunión entre todo o Pobo de Deus. Por iso desexamos que se consoliden.

Ademais de rematar o caderno do curso pasado sobre a Eucaristía, estase elaborando un caderno sobre os catro ámbitos nos que se desenvolveu o Congreso de Laicos: o primeiro anuncio, o acompañamento, a formación e a presenza pública.

Publicarase un protocolo COVID para as reunións e crearase un equipo de animación de grupos.

## ▣ *A formación de dirixentes de ADAP e ministros extraordinarios da Eucaristía*

Esta acción nace dunha necesidade sentida desde hai anos na Diocese e recollida na Constitución 53 do Sínodo Diocesano:

*Procurar que ningunha comunidade parroquial careza da súa celebración eucarística dominical [...] Cando non sexa posible, facilítese a celebración do Día do Señor por medio das Asembleas Dominicais e Festivas en Ausencia de Presbítero.*

Durante o pasado curso púxose en marcha un curso de formación. Asistían regularmente entre 50 e 54 persoas. Era un grupo heteroxéneo e diverso, reflexo da nosa realidade diocesana. O proceso formativo constaba de 15 sesións, das que se desenvolveron 12. Habería que:

- Ampliar e concluír o curso de formación.
- Promover, alí onde sexa necesario, as ADAP.

## ▣ *A campaña de sensibilización sobre as persoas migrantes*

Esta acción sitúanos ante un dos máis grandes desafíos que estamos a vivir no mundo de hoxe. O Papa Francisco non deixa de insistir na necesidade que ten a Igrexa e o mundo de acoller, protexer, promover e integrar ás persoas migrantes.

O tempo de pandemia déixaos nunha situación complicada. Por unha banda, a carencia de papeis fainas persoas vulnerables; por outra son, en moitos casos, sinaladas como persoas responsables e transmisoras de contaxios.

Por iso retomar e completar esta acción, así como continuala no tempo, segue a ser un reto e unha responsabilidade.

## **Implicacións:**

- a) A comunidade diocesana, que se ve renovada por medio destas accións.
- b) As Delegacións implicadas, que atopan aquí un campo para a realización da súa misión.
- c) As parroquias, que se ven enriquecidas e impulsadas na súa tarefa.

## **Calendario:**

- a) No primeiro trimestre do curso 2020-21 concluíranse as accións aínda non rematadas.
- b) A partir do segundo trimestre poríase en marcha a continuidade destas accións.

## **Responsables:**

A Vigairía de Pastoral, Responsable diocesano de animación de Grupos, Delegación Episcopal de Acción Caritativo-Social.

ACCIÓN  
2

## Organizar un Curso de comunicación institucional e portavozía

### Ámbitos:

Formación e presenza pública.

### Contexto:

Se algo cambiou radicalmente nos últimos 30 anos foi o ámbito das comunicacións. Hoxe en día xa non se precisan grandes medios; a popularización das redes sociais acabou por converter a cada persoa usuaria en comunicadora, expresando, a través dun terminal e dunha plataforma determinada, as súas ideas, gustos, actividades, etc.

Son moitas as parroquias, grupos, movementos ou delegacións que teñen contas nas redes máis comúns: Facebook, Instagram ou Twitter. Tamén é habitual que as parroquias organicen grupos de Whatsapp con catequistas, voluntarios, familias, etc. Sen dúbida estes medios son unha oportunidade que se nos brinda para poder achegarnos ás familias, á mocidade e aos fieis en xeral.

Durante o tempo de confinamento, cando estaba limitada a asistencia á Eucaristía e suprimida a catequese, as redes sociais foron un instrumento indispensable para facernos próximos, para estar atentos e ao tanto unhas persoas das outras, para ofrecer algúns materiais que nos axudaran a rezar ou a formarnos, para ofertar novas da situación e da vida da parroquia, grupo, delegación ou movemento. Convertéronse nun mar de evanxelización.

O Sínodo Diocesano tratou deste tema en dúas Constitucións:

*Const. 22. Usar e potenciar as novas tecnoloxías e os medios de comunicación de que dispoñemos, e procurar a presenza noutros, para facer resoar a mensaxe de Xesús e dar a coñecer, de forma adaptada e comprensible, o pensamento da Igrexa.*



*Const. 83. Dar a coñecer as actividades e grupos parroquiais, tanto no ámbito da propia comunidade coma máis alá dos seus límites territoriais, aproveitando tamén os medios que nos brindan as novas tecnoloxías.*

A realidade descrita úrxenos a renovar o proceso e sistema de comunicación na Diocese, e a establecer unha maior coordinación entre a delegación de MCS e as outras instancias eclesiais. Nesta liña propoñemos organizar un Curso de comunicación institucional e portavozía.

## **Implicacións:**

- a) As comunidades parroquiais ou interparroquiais, que atoparán un novo medio de achegarse aos fieis.
- b) As persoas segres, que teñen aquí un precioso ámbito de participación eclesial e de comunicación na fe.
- c) As Delegacións e Movementos, que atoparán un medio de darse a coñecer máis alá do espazo eclesial.
- d) A Delegación de Medios de Comunicación, que atopará un medio para coordinar a comunicación diocesana.

## **Calendario:**

- a) En outubro de 2020 enviarase unha carta aos párrocos, Delegados diocesanos e responsables dos Movementos e dos Grupos informándoos desta acción.
- b) Invitarase a que cada unha destas entidades nomee unha persoa responsable de comunicación, tanto se xa contan con medios informativos propios como se non contan aínda pero desexan, nun futuro próximo, poñer en funcionamento unha plataforma comunicativa.
- c) No mes de xaneiro de 2021 comezará o curso de comunicación institucional para as persoas responsables de comunicación das entidades eclesiais.

## **Responsables:**

A Vigairía de Pastoral, Delegación Episcopal de Apostolado Segrar e Delegación de Medios de Comunicación Social.

ACCIÓN  
3

## Fortalecer a rede diocesana de Cáritas

### Ámbitos:

Presenza pública

### Contexto:

Para a Igrexa a caridade non é algo opcional senón que pertence á súa propia natureza e é manifestación irrenunciábel da súa esencia. E Cáritas posibilita o exercicio eficiente e organizado da caridade.

O 9 de xaneiro de 1970 Mons. José Delicado Baeza erixía a Cáritas Diocesana de Tui-Vigo coma institución promotora da acción caritativa e benéfico-social da Igrexa diocesana.

Ao longo destes 50 anos os froitos que produciu son moitos e moi diversos: atención a necesidades básicas, promoción de emprego, atención á infancia, promoción da muller e de colectivos marxinados, etc. Pero tamén é certo que Cáritas aínda non ten unha implantación plena na xeografía da Diocese. Por esta razón, xa o Sínodo Diocesano propuña:

**Const. 135.** *Crear Cáritas parroquiais ou interparroquiais onde non existan, especialmente no mundo rural; e potencialas alí onde xa existen, para que o amor e a solidariedade cristiá cheguen a todos.*

**Const. 138.** *Animar e implicar aos Párrocos na implantación e funcionamento de Cáritas ou doutras institucións que traballan na promoción dos necesitados, para que*

- *faciliten o compromiso social dos leigos;*
- *esperten na comunidade o compromiso cos pobres;*
- *promovan a consecución de medios e recursos.*

A crise sanitaria producida polo COVID-19 ten como consecuencia inmediata unha crise económica e social. Neste contexto a función de Cáritas resulta imprescindible para atender os novos rostros da pobreza e para promover o desenvolvemento integral da persoa. E esta función reclama, necesariamente, unha presenza forte no territorio diocesano.

Cáritas, no ámbito parroquial e diocesano, co amor como motor e coa Igrexa como signo, precisa estar inmersa na realidade, e coa persoa como centro debe ser capaz de articular respostas e accións significativas que ademais de atender a urxencia e a necesidade material, dean testemuño do amor de Deus polas persoas máis débiles, creando espazos de acollida e convivencia, fomentando a participación, creando redes de apoio e vínculos entre as persoas baseados na fraternidade e no compromiso.

Neste horizonte, queremos:

- Promover a creación de Cáritas nas parroquias de máis de 3000 habitantes.
- Que en cada arciprestado haxa, polo menos, unha Cáritas de referencia.

## **Implicacións:**

- a) Cáritas diocesana, que debe poñer en marcha unha campaña para darse a coñecer alí onde aínda non está presente. Realizará unha campaña en tres liñas converxentes:
  - Traballo directo cos párrocos, que son a porta de acceso ás comunidades parroquiais.
  - Traballo nas comunidades parroquiais, ofrecendo unha imaxe real e actual de Cáritas.
  - Traballo coa comunidade en xeral, colaborando con outras entidades do barrio ou do territorio.
  
- b) As comunidades parroquiais, que deben sensibilizarse sobre a importancia de organizar o servizo da caridade a través dunha institución cunha identidade definida como é Cáritas.

Neste punto cabe sinalar que o voluntariado de Cáritas ofrece unha oportunidade para que a xuventude da comunidade parroquial se integre e participe de maneira activa.

- c) Os arciprestados, que deben buscar a colaboración e o traballo conxunto neste ámbito que afecta tan directamente ás persoas máis vulnerables. O traballo arciprestal axuda tamén a optimizar esforzos e recursos e ofrece unha comprensión máis ampla da realidade eclesial.
- d) Os párrocos, que deben crear un clima entre os fieis que propicie a implantación nas súas parroquia de Cáritas.
- e) As persoas segrares, que atopan aquí un ámbito no que vivir e expresar a súa fe.
- f) A pastoral xuvenil, que pode atopar no voluntariado un eido para o compromiso da xuventude vinculada ás parroquias, movementos e grupos.

## Calendario:

- a) Durante o primeiro trimestre Cáritas Diocesana fará un estudo sobre a presenza da entidade no territorio diocesano e remitirá unha carta aos párrocos e arciprestes informándoos desta acción e invitándoos a unha reunión para tratar de establecer: as parroquias onde se debería constituír Cáritas; os arciprestados onde se debería implantar; e ver como fomentar a colaboración das Cáritas interparroquias ou arciprestais alí onde xa están funcionando.
- b) En xaneiro comezaría o curso de voluntariado seguindo a metodoloxía propia de Cáritas (reunións quincenais de 90 minutos durante dous cursos) e co seguinte contido:
  - O SER: Actitudes, talante persoal e comunitario.
    - Que é ser voluntario/a? (dereitos e obrigas segundo a *Ley de Voluntariado*).
    - Que significa ser voluntaria/o en Cáritas?
    - Actitudes, motivacións, prexuízos, valores, etc.
  - O SABER: Coñecemento crítico da realidade
    - Cáritas: Que é?. Misión e acción (programas e servizos), organigrama.
    - Caridade evanxélica (Asistencia, promoción e cambio).
    - Pobreza e exclusión social.

- Diferenza entre acción social asistencial e acción social promocional.
- Análise da realidade. Lectura crente da realidade. (Método ver-xulgar-actuar).
- O SABER FACER: Técnicas de intervención social.
  - Modelo de Acción Social.
  - Acollida, acompañamento e coordinación.
  - Entrevista (técnicas, ficha social básica etc.).
  - Servizos sociais e recursos.

## **Responsables:**

A Vigairía de Pastoral, a Delegación Episcopal de Caridade, Arciprestes, Delegación diocesana de pastoral xuvenil.

ACCIÓN  
4

## Confirmación

### Comunitaria por zonas

#### Ámbitos:

Primeiro anuncio e acompañamento.

#### Contexto:

As parroquias, os colexios, os grupos e os movementos levan anos asumindo un papel moi activo e dinámico na renovación e impulso da pastoral coa xuventude, en especial no proceso que culmina coa recepción do sacramento do Espírito Santo; entregando a esta tarefa os seus mellores esforzos e acadando non poucos froitos.

Pero tamén constatamos con preocupación que hoxe o sacramento da Confirmación está sufrindo un grave retroceso. Son moitos os mozos e mozas que xa non o solicitan nin se preparan para recibilo, deixando así o seu proceso de iniciación cristiá incompleto.

Por iso desexamos revitalizar a pastoral en torno a este Sacramento.

Xa o Sínodo Diocesano propuña:

*Const. 67. Potenciar e revitalizar a pastoral do sacramento da confirmación, non só dende o aspecto doutrinal, senón tamén dende o seu aspecto litúrxico, coidando a celebración da fe: Eucaristía, celebración do perdón, celebración da Palabra.*

E o documento final do Sínodo dos Xóvenes dicía:

*No camiño da iniciación cristiá é ante todo a Confirmación o sacramento que permite aos crentes revivir a experiencia pentecostal dunha nova efusión do Espírito para o crecemento e a misión. É importante volver a descubrir a riqueza deste sacramento, comprender o seu vínculo coa vocación persoal de todo bautizado e coa teoloxía dos carismas, coidar mellor a pastoral, a fin de que non sexa un momento formal e pouco significativo. (XV ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO SÍNODO DOS BISPOS, Os xóvenes, a fe e o discernimento vocacional, 2018, nº 61).*

Para iso propoñemos a celebración comunitaria do sacramento da confirmación por zonas.

Esta oferta, que non é obrigatoria, non queremos que se reduza só á celebración sacramental. Desexamos que ao longo do curso se convoquen tres ou catro encontros coas confirmandas e cos confirmandos. Estes encontros alentarían a fe dos mozos e mozas, ao ver que a vida cristiá está enxertada nunha realidade máis ampla: a Diocese. Ademais posibilitaríase que desde pastoral xuvenil se entrase en contacto con estes rapaces e estas rapazas, para logo poder convocalos para outras ocasións.

Para poñer en marcha esta acción crearíase un grupo de coordinación no que estiveran representados os distintos axentes que traballan no campo da xuventude.

A actual situación de pandemia condiciona esta acción, que queda supeditada ás limitacións sanitarias que se establezan en cada momento.

## **Implicacións:**

- a) A comunidade diocesana, que se ve fortalecida coa vitalidade nova da xuventude.
- b) A Delegación Diocesana de Pastoral Xuvenil, que atopa un espazo no que poder contactar coa xuventude.
- c) As parroquias, que se abren á diocesaneidade e se ven enriquecidas ao compartir con outras parroquias.
- d) O grupo de traballo “Secretaría Misión Compartida” creado xa hai un ano –a instancias do noso Bispo- e que tratou de coordinar o traballo cooperativo entre colexios e parroquias da diocese na cidade de Vigo. Este é un grupo onde a participación e implicación dos laicos e laicas é fundamental, entendida coma servizo á Igrexa e, polo tanto, á nosa diocese.

## **Calendario:**

- a) No mes de outubro, desde a Delegación de Pastoral Xuvenil, comunicarase esta iniciativa aos responsables das parroquias, grupos e colexios para que poidan telo en conta na súa programación.
- b) No primeiro trimestre faríase a primeira convocatoria das confirmandas e confirmandos.
- c) A principios da Coresma faríase a segunda convocatoria de confirmación.
- d) Durante a Pascua faríase a terceira convocatoria de confirmación.
- e) A cuarta convocatoria sería inmediatamente anterior á celebración do sacramento, e nela faríase a preparación do mesmo e a celebración da reconciliación.

## **Responsables:**

A Vigairía de Pastoral e a Delegación de Pastoral Xuvenil.

